



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE DECEMBRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D <sup>a</sup> . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D <sup>a</sup> : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e seis de decembro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia, seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

Como cuestión previa o Sr. Cobas do PSdG-PSOE formula unha queixa polo cambio de data do pleno, porque ao longo desta lexislatura non se celebraron a maior parte deles na data aprobada no seu día, e o mes pasado a instancias do Sr. Pose modificouse o día, e cal é a sorpresa cando neste mes non se convoca para ese día debido á presentación dun produto por parte dunha empresa deste concello, indicándolle ao S. Alcalde que hai que ter un pouco máis de respecto pola oposición e non cambiar os plenos así por así.

A Presidencia di que a presentación deste produto é importante para Vedra, porque coa asistencia tamén se promoven as empresas e os produtos de Vedra, e que esa presentación estaba fixada para o día catorce, pero por causas alleas á empresa puxérona para ese día, que el sempre mostrou talante conciliador tanto na oposición coma no equipo de goberno e sempre estivo aberto ás suxestións que facía o equipo de goberno daquel momento para estas cousas, e que en calquera caso que chamou aos voceiros dos distintos grupos municipais explicándolles os motivos do cambio, agradecéndolles a todos que foron quen de acceder ao cambio e incluso houbo unha reunión para intentar fixar a data do pleno.

Por último expón que toma nota e intentará que non se produzan este tipo de alteracións polo ben de todos.

O Sr. Alvela de TEGA mostra a súa absoluta sorpresa porque ao longo da anterior lexislatura se lle ten pedido cambiar a data por distintas causas e nunca puxo



obxección, e agora enfatizar tanto nunha persoa e nun produto é terrible, porque semella que se fixo adrede, e sen embargo foi debido a un problema de datas do Hostal, e rematada dicindo que o manifestado polo Sr. Cobas lle produce unha total desilusión, dándolle ás grazas aos demais concelleiros.

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21/11/2012)**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e un de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Acordo, se procede, sobre do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2013)**

A Presidencia expón que nas comisións informativas se falou de destinar un 29-30% da cantidade asignada no POS 2013 ao financiamento do gasto corrente, sobre 88.000-89.000 euros a proxectos de saneamento na parroquia de San Xián e á proposta do Grupo Socialista, tendo en conta o inverno deste ano, a posibilidade de ter previsto un plan de arranxo de pistas, e que está sen definir o proxecto, proponse:

Delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos previa convocatoria da Comisión Informativa correspondente para definir eses 50.000 euros e destinalos a determinadas pistas.

Di tamén que a Deputación prorrogou o prazo de presentación da documentación ata o 18 de xaneiro, porque houbo unha modificación das bases do plan, no sentido de que non é obrigatorio a achega do 5% nas obras por parte do concello.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que pola súa parte non ten inconveniente en delegar na Xunta de Goberno a aprobación do POS, pero que se van abster na votación, e na da Comisión Informativa correspondente, porque baseándose na experiencia do pasado plan, onde votaron a favor dunhas obras de abastecemento na Gándara que se venderon como necesarias porque non existía caudal suficiente para as vivendas, e agora atópanse con que varios veciños presentaron un escrito reclamando poder seguir consumindo desa auga, cuxas obras foron bastantes custosas no seu momento, e todos eles defenden que teñen caudal suficiente, polo que non acaban de entender cales son os motivos de incluír esas obras no POS 2012, cando a gran maioría dos veciños estaban satisfeitos co servizo. E polo tanto en base a esa experiencia vanse abster, e por outro lado afirmaron que se dispoñía dos permisos e autorizacións e ao final existiron problemas, esperando que neste ano non existan estes problemas.

O Sr. Pose do BNG di que vai absterse ao igual que no pasado plan porque considera que o uso que se faga deste plan é puramente político, o único que suplica é que se faga ese listado de empresas de Vedra, xa que hai un ano que se aprobou no pleno a moción presentada polo BNG, e aínda non se fixo, para que eses cartos vaian destinados a empresas de Vedra e se cumpra o recollido na mesma.

O Sr. Alvela de TEGA di que en base ao falado na Comisión Informativa e na Xunta de Voceiros vai votar a favor da proposta da Presidencia.



Posta a votación a citada proposta apróbase con sete votos a favor do PP e TEGA e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG.

**3º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía de data 23/11/2012 sobre do Real Decreto -Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria.**

Dáse conta do seguinte informe da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do dezasete de decembro do ano que andamos:

“Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de novembro do ano que andamos, que di o seguinte:

En relación coa paga extraordinaria do persoal municipal correspondente ao mes de decembro do presente exercicio económico.

Visto o disposto no artigo 2 do Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e no artigo 22 da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para 2012, así como as notas informativas ao respecto; e de conformidade coa nota de data 23 de outubro da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

Considerando que o apartado 1 do artigo 2 do Real Decreto-Lei 20/2012 establece a obriga de reducir as retribucións anuais de 2012 do persoal ao servizo do sector público no importe correspondente á paga extraordinaria a percibir no mes de decembro.

Dispoño o seguinte:

1º.- A redución das retribucións do persoal municipal polo importe da paga extraordinaria que correspondería percibir no mes de decembro, así como das pagas adicionais de complemento específico e equivalentes.

2º.- Destinar as cantidades derivadas da supresión da citada paga extraordinaria e das pagas adicionais, a realizar en exercicios futuros achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria.

3º.-A adopción do correspondente acordo de non dispoñibilidade de crédito, de conformidade co disposto no artigo 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.”

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que son conscientes de que están obrigados por lei, pero que o seu voto vai ser en contra pola propia lei en si e pola carga que supón sobre dos funcionarios, aos que se carga cunha culpa que ao seu xuízo non teñen en absoluto; e que tal e como se ten desenvolvido a lei en si mesma e as circulares informativas que teñen trasladado dende o Ministerio explicando que esta paga que se detrae vai a un fondo de pensións que aínda non está articulado, e á incerteza sobre do que vai pasar no ano 2013.

O Sr. Pose do BNG di que vai votar en contra, puntualizando que a paga extra non é un regalo que se lle dá aos funcionarios, senón que se trata dun mecanismo que se inventou á volta da II Guerra Mundial detraendo parte do importe das doce pagas de salario, un mecanismo puro de mercado, xusto antes do Nadal para fomentar o consumo e outro no verán para fomentar as viaxes e o consumo nesa época, pero que é parte do salario, polo que supón una redución dunha parte proporcional do seu salario, e que por



outra parte un organismo se poida meter nunha decisión municipal, neste caso, parécelle que roza a ilegalidade.

A Presidencia di que están obrigados por lei.

Posta a votación a ratificación da citada Resolución rexístranse seis votos a favor do PP, seis votos en contra do PSdG-PSOE e BNG e unha abstención de TEGA. Procédese a unha segunda votación e rexístrase o mesmo resultado, aprobándose con voto de calidade da Presidencia.

**4º.- Aprobación, se procede, do expediente de modificación de créditos núm. 1/2012.**

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do dezasete de decembro do ano que andamos:

“Dáse conta do expediente número 1/2012 sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento municipal para o actual exercicio, no que se transfiren créditos entre distintas áreas de gasto por importe de vinte e catro mil (24.000,00) euros para facer fronte a obrigas a cargo desta Corporación, relativas a gastos correntes que garanten o bo funcionamento dos servizos sanitarios, educativos, culturais, deportivos e corporativos deste Concello, e para optimizar a execución orzamentaria, e cuxo expediente se tramitou en virtude de memoria da Alcaldía de data doce de decembro de dous mil doce, e de decreto ditado como consecuencia da mesma; utilizándose como recurso para o seu financiamento a baixa parcial de crédito na aplicación do estado de gastos do Orzamento municipal do exercicio 2012 que deseguido se indica, por poder prescindir de contraer obrigacións con cargo á mesma, e pola contía necesaria para financiar as modificacións orzamentarias propostas:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
151-227	Traballos técnicos de urbanismo	24.000,00
TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS PARA FINANCIAR A MODIFICACIÓN		24.000,00

No expediente aparecen informes de Secretaría-Intervención e demais regulamentarios, todos eles en sentido favorable.

Previa deliberación, considerando o carácter necesario e inaprazable das obrigas a cargo da Corporación e que a modificación obxecto do expediente non producirá perturbacións nin no servizo vinculado á aplicación que cede crédito nin nos intereses municipais, proponse:

1º.- Informar favorablemente a proposta de modificación de créditos referida, mediante a baixa parcial e transferencia de crédito, cuxa cantidade deberá ser consignada nas aplicacións orzamentarias que se reflicten na memoria que motivou este expediente e cuxo detalle é o que a continuación se expresa:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
312-221	Subministros de centros de saúde	5.000,00



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



321-221	Subministrados de centros educativos	5.000,00
334-221	Subministrados de edificios culturais	5.000,00
341-221	Subministrados de instalacións deportivas	5.000,00
912-233	Indemnización a órganos de goberno	4.000,00
	<b>TOTAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS</b>	<b>24.000,00</b>

Coas modificacións propostas, que non alteran a contía total do Orzamento e polo tanto non vulneran o principio de estabilidade orzamentaria, o resumo por capítulos do Estado de Gastos queda como segue

CAPÍTULOS	CONSIGNACIÓN ANTES EXPTE.	AUMENTOS CRÉDITOS	BAIXAS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
1- Gastos de persoal	1.200.800,00			1.200.800,00
2-Gastos en bens correntes e servizos	1.461.200,00	24.000,00	24.000,00	1.461.200,00
3- Gastos financeiros	39.505,00			39.505,00
4- Transferencias correntes	52.000,00			52.000,00
6- Investimentos reais	491.500,00			491.500,00
7- Transferencias de capital	1.000,00			1.000,00
8- Activos financeiros	12.000,00			12.000,00
9- Pasivos financeiros	208.230,00			208.230,00
<b>SUMAS TOTAIS</b>	<b>3.466.235,00</b>	<b>24.000,00</b>	<b>24.000,00</b>	<b>3.466.235,00</b>

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente, con sometemento ao Pleno para a súa aprobación e inmediata exposición ao público, para efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en todo caso, coa publicación do resumo do estado de gastos resultante no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, así como co envío simultáneo do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.”

O Pleno con sete votos a favor do PP e TEGA e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG acorda aprobar a citada proposta.

### **5º.- Acordo, se procede, sobre moción para a publicación dos plenos**

O Sr. Pose do BNG di que prefire que sexa unha aprobación de consenso entre todos os grupos , porque expón a todos ao público, dándolle os parabéns e as grazas a todos.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Publicar os gravacións íntegras dos plenos na web do concello.

Segundo.- Emitir en directo a través de “streaming” os Plenos Municipais ordinarios e extraordinarios.



**6º.- Acordo, se procede, sobre declaración institucional en defensa do sector lácteo.**

Pola Presidencia dáse conta da declaración institucional do Concello de Vedra en defensa do sector lácteo, en consenso entre todos os grupos:

“O sector lácteo galego está nunha situación límite, sendo unha das principais causas desta situación os baixos prezos do leite en orixe, ao que hai que engadir o desmesurado incremento dos custes de produción (prezo dos cereais, dos pensos, dos combustibles, etc)

Son moitas as explotacións que realizaron un gran esforzo de modernización nas súas explotacións e por mor destes prezos tan baixos estanse a facer inviables.

Tendo en conta que o sector lácteo é a columna vertebral da economía agraria galega, a persistencia desta situación pon en serio risco non só o mantemento da actividade produtiva e económica no rural, senón que constitúe unha clara ameaza para a propia existencia de vida no medio rural.

Por todo iso, o Pleno da Corporación municipal de Vedra, por unanimidade dos asistentes, aproba a seguinte declaración institucional en defensa do sector lácteo galego:

En defensa do sector lácteo galego instamos á Xunta de Galicia a seguir impulsando un marco galego de relacións entre os diversos operadores do sector lácteo coa finalidade de procurar medidas e políticas que fagan fronte á situación das explotacións leiteiras, asumindo a súa defensa diante do Estado, así como a seguir impulsando medidas que garantan prezos mínimos xustos e cubran os custos de produción dos gandeiros e gandeiras galegas”

**7º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdG-PSOE instando ao goberno de España a excluír as persoas físicas como suxeitos obrigados ao pagamento de taxas xudiciais.**

Procédese a votar a declaración de urxencia deste asunto que se aproba por unanimidade dos asistentes.

De seguido por parte da voceira do Grupo Socialista, dona Lucía González, exponse que a lei de taxas xudiciais está poñendo en pé de guerra, xa non só aos usuarios da xustiza, senón tamén a todos os profesionais xurídicos, tanto avogados como xuíces, procuradores, fiscais, ..etc, e intervencións coma a do Presidente do Consello Xeral da Avogacía que di “que esa lei vai conseguir unha xustiza para ricos e outra para pobres, impedindo o acceso á xustiza dun gran número de cidadáns”, fan saltar as alarmas; e cando se repasa esta lei e se observan as taxas que pretenden cobrar no caso de diversas situacións que se poden dar en reclamacións, demandas, vese realmente complicado o acceso á xustiza en igualdade de condicións e con facilidade.

Por último di que espera que, como cidadáns que se poden ver afectados por esta lei, poida contar co voto favorable do pleno.

A Presidencia di que sen meterse na exposición de motivos, coa que pode discrepar nalgunhas cuestións, o grupo Popular vai votar a favor.

O Sr. Pose do BNG di que tamén votará a favor.





O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción, que na súa parte dispositiva di:

Instar ao Goberno de España a adoptar con urxencia as medidas necesarias para excluír ás persoas físicas como suxeitos obrigados ao pagamento de taxas xudiciais e a garantir que ninguén vexa limitado o seu dereito de acceso á xustiza por non poder facer fronte ao pagamento da taxa xudicial.

### **8º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-Ás preguntas do PSdG-PSOE a Presidencia contesta:

1º.- Sobre da apertura do centro médico de Santa Cruz e consultorio de San Xián, di que tamén lla contestou aos veciños de Santa Cruz o día de reunión coa veciñanza, sinalando que mentres dona Pilar Farjas foi Conselleira de Sanidade mantiveron varias reunións, a unha delas incluso asistiu tamén o Presidente da AA.VV de Santa Cruz, así como co Xerente de Atención Primaria de Santiago, cos médicos do centro médico de Vedra, e unha coa D<sup>a</sup>. Rosa, que era a que tiña que estar alí; que se buscaron fórmulas para abrir fundamentalmente o de Santa Cruz xa que existía local propio, que non supuxese custo algún para a Consellería, incluso de reabrilo durante un tempo provisional para analizar se existía moita ou pouca asistencia. O certo é que se necesitaba a implicación do persoal médico, que neste caso hai que dicir que non tiveron facilidades precisamente, e agora estase nunha situación onde as dificultades económicas aumentaron considerablemente, e sobre todo coa implantación da receita electrónica, desaparece a causa fundamental para reabrilo; xa que as persoas maiores practicamente xa non teñen que desprazarse ao centro médico por dito motivo, resultando practicamente imposible reabrir o mesmo. Manifestando que non lle doen prendas se o acusan de incumprir esa promesa, pero dende logo que ten a conciencia tranquila xa que non foi o PP o que o pechou, nin o alcalde naquel momento era do Partido Popular, e que dende logo fixo todas as xestións que estaban nas súas mans para reabrilo, estando neste momento buscándolle alternativas ao local.

2º.- Sobre das modificacións puntuais do PXOM di que estase neste tema e estudando a mellor maneira de promovelos, e que pronto terán novas.

3º.- En canto ao campo de tiro, di que mantivo contactos cos representantes do Club Agarto, que algúns deles son do noso concello, que a situación sería na zona das Minas de Serrabal, afastadas da poboación, e que mantiveron alí unha reunión os representantes do Club, do Concello e da empresa Ramsa, estando agora pendente de que o Club presente un anteproxecto para ver as dificultades, as necesidades e as posibilidades,.

4º.- Polo que respecta ao centro de día e residencia da terceira idade, que son servizos que dependen da Consellería, pois o concello non ten capacidade económica para levalos a cabo cos seus propios recursos, e que este asunto, como saben por ter falado con outros Alcaldes que contan con estes centros, e que están a falar das enormes dificultades que supón para eses concellos mantelos e que apenas son aproveitadas polos propios veciños deses concellos, están a estudar con responsabilidade o enfoque do mesmo. O que significa que non están a renunciar ao mesmo, pero con responsabilidade e falando todos os grupos para darlle un enfoque correcto con dúas premisas básicas, unha, que sexa sostible, e outra, que a gocen os veciños que o necesiten do concello.



--Ás preguntas do BNG a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre do listado de obras que se executaron cos recursos procedentes do plan DTC 94 da Deputación, di que a medida que se vaian facendo en todas as parroquias as obras do listado que se concretou en Comisión Informativa que irá informándolle, e que a día de hoxe so se executaron as obras do Parque de Castiláns e as restantes espera executalas durante o primeiro trimestre de 2013.

2º.- En canto á pregunta sobre do técnico responsable do proxecto que quedou fóra da convocatoria de selección de proxectos dinamizadores de áreas rurais de Galicia, porque máis do 50% do gasto que se incluía non era subvencionable, di que esa foi a contestación que lle deron a el por teléfono, e dado que tampouco quedou convencido, solicitaron por escrito os motivos. En canto ao responsable, di que neste caso e en calquera outro, sempre dirá que el é o responsable.

### **9º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Xa preguntou varias veces polo servizo de fisioterapia do Concello, e vendo que non se reemprende o mesmo, pregunta polas xestións que se están a levar a cabo e cando se vai por en marcha de novo.

2º.- Na Xunta de Goberno de data 10/10/2012 aprobouse un gasto para mellora da iluminación do Museo Modesto Paz Camps por importe de 14.078,00 euros, preguntando en que estado está o plan de xestión deste museo para que se lle dea prioridade ao gasto en iluminación cando polo de agora non existe ese plan de xestión.

3º.- Quere trasladar un rogo da AA.VV de San Xián de Sales dado que se prevé arranxar a zona de aparcadoiros ao carón da estrada provincial, que segundo entendeu, consistiría en facer un recheo con terraplén cara o piñeiral e cubri-lo con grava, solicitando explicación ao respecto e rogando que se faga o máis seguro posible, e de non existir partida presupostaria que se vaia facendo pouco a pouco.

A Presidencia di que está incluída no listado de obras do DTC 94 e que non é un terraplén senón con pedra.

--O Sr. Pose do BNG di que en relación ao listado de obras a executar con cargo ao DTC 94, non é necesario que llo conteste no pleno, senón ao seu correo electrónico mediante un listado de obras previstas, obras executadas, empresas e xornadas de traballo que se investiron en cada unha delas, para o control do gasto tanto el como o resto de concelleiros da oposición.

Polo que respecta ao técnico responsable di que é unha pregunta sensata, pois se o fixo un técnico municipal está ben que o resto do pleno saiba da competencia dos técnicos municipais.

--O Sr. Alvela de TEGA expón que a saída da estrada que vai da ponte de Sarandón cara a Gaiosa é unha saída con moito risco, porque a incorporación á estrada N-525 faise ao carril rápido nunha curva, solicitando se fagan as xestións para buscar alternativas. Unha delas que se lle ocorre é usar unha pista de terra que transcorre ao carón da N-525 facendo unha saída no medio da recta con visibilidade suficiente.





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



--O Sr. Cobas do PSdG-PSOE pregunta polo servizo de alumeadado público, porque recibe queixas de veciños de que os puntos de luz botan días e incluso semanas sen arranxar; que avisan ao concello, cando nos concellos de Teo, Brión, Arzúa e O Pino, como pasaba antes en Vedra, arránxanse nun prazo de 24 horas dende que se lle envía o parte de avaría por fax á empresa. Di que se a culpa é do funcionario/a ou traballador/a do concello encargado de enviar os avisos haberá que abrir un expediente, e se é responsable o concelleiro/a que leva ese servizo di que non vai pedir a súa dimisión, tempo haberá e seguramente que si, pide que se aparte dese servizo e que se faga cargo outro concelleiro/a do equipo de goberno que o faga mellor, manifestando que teme que o que se pretende é amolar a alguén.

Tamén pregunta polos Alcaldes de Barrio, que segundo lle informaron mantiveron co Sr. Alcalde unha reunión da que marcharon bastante indignados, porque ao parecer o Sr. Alcalde lles dixo que non sabía que ía facer con eles. E ten que saber que os AA.BB son os representantes do Alcalde na parroquia e polo tanto ten que coñecer a súa misión, preguntándolle que vai pasar con eles, se os vai eliminar ou cambialos.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos.